

TEMA 9 – COMERCIO INTERNACIONAL E GLOBALIZACIÓN

1 - O COMERCIO INTERNACIONAL: PROTECCIONISMO E LIBRE TROCO

Ata agora estivemos analizando a economía desde un punto de vista bastante fechado, no sentido de que non consideramos demasiado o sector exterior, o resto do mundo.

Hoxe en día, é indubidable a importancia do resto do mundo, nun mundo globalizado como no que nos atopamos.

Chamamos comercio internacional a todas as compras e vendas de factores produtivos, bens e servizos realizados entre diferentes países.

Hoxe en día, estamos moi acostumbrados a comprar produtos fabricados en China, en EEUU, e noutros países europeos diferentes ao noso.

Todos os días nos atopamos con cidadáns doutros países que viñeron ao noso para poder traballar (importación do factor produtivo man de obra), tampouco é raro coñecer a alguén que traballa noutro país.

A liberalización do mercado de capitais tamén é cada vez maior. Se quixésemos, poderíamos pedir un préstamo hipotecario a un banco xaponés (en yenes por suposto).

Ao vivir nun mundo máis globalizado, os efectos dunhas economías trasládanse con maior facilidade a outras.

Cando un país sofre unha crise, esta é trasladada ao resto da economía internacional, de aí o dito “cando EEUU estornuda, Europa colle unha pulmonía”, aínda que no 2008 podemos dicir que a crise que está sufrindo EEUU é superior á de Europa.

Un das orixes da recesión económica do 2008, é dicir, un dos motivos polos que as familias menos favorecidas galegas están tendo problemas para chegar a fin de mes (ou a mediados de mes en moitos casos), é que en EEUU unha serie de bancos estiveron concedendo préstamos hipotecarios (hipotecas lixo) a xente que non estaba demasiado claro que puidese facer fronte a estes préstamos e de feito non os pagaron.

Se en China se produce un crecemento da economía, como está pasando nos últimos anos (e non nos esquezamos da India), unha das consecuencias é que necesitan máis enerxías para desenvolverse e sobe o consumo de produtos derivados do petróleo. Isto fai que o prezo internacional do petróleo suba, e que aos mariñeiros galegos lles custe máis o combustible para a pesca e teñan que, ou gañar menos ao vender o produto da pesca, ou cobralo máis caro aos consumidores. Ou se prexudica o mariñeiro ou a familia que compra o pescado.

Tanto se trasladan os efectos positivos como os negativos. Xa que logo, hai quen defende un maior proteccionismo da economía nacional para non depender tanto do exterior, así coma quen defende que o mellor é abrirse ao mundo para ser máis competitivo e aproveitar o mercado mundial.

Vexamos as diferentes posicións a favor e en contra do comercio internacional:

1.1 – Librecombio

O librecombio propón un comercio sen trabas de ningún tipo. Os argumentos a favor desta liberdade de comercio internacional son os seguintes:

- As economías de escala: ao producir para unha maior cantidade de poboación, producir maiores cantidades, os custos por unidade producida será menor.
- A especialización: cada un dos países especializárase no que mellor saiba facer. (Teoría da vantaxe absoluta).
- A teoría das vantaxes comparativas: a cada país compénsalle producir o que relativamente lle resulta menos custoso. (Teoría da vantaxe comparativa).
- A protección é ineficiente: ao protexer ás empresas ou mercados internos o que se consegue en definitiva é unha menor competitividade, produtos menos atractivos e máis caros.

A teoría da vantaxe absoluta

A teoría da vantaxe absoluta foi argumentada por Adam Smith para defender o librecombio despois das tendencias mercantilistas á protección das economías nacionais.

Saber máis: Exemplo na Web

Teoría da vantaxe comparativa

Proposta por David Ricardo demostrou que todos os países se poden beneficiar especializándose cada un na produción de bens aínda que non teñan vantaxe absoluta neles; é suficiente que teñan vantaxe comparativa, é dicir, que sexan capaces de produci-lo a un prezo menor.

Saber máis: Exemplo na Web

1.2 – Proteccionismo

O proteccionismo implica pechar, restrinxir o comercio internacional, xeralmente para protexer a industria ou empregos do propio país perante ameazas externas. Os argumentos a favor do proteccionismo son os seguintes:

TEMA 9 – COMERCIO INTERNACIONAL E GLOBALIZACIÓN

- Protexer a unha industria ou sector que se considera estratéxico para a economía.
- Fomentar a industrialización e a creación de emprego mediante un proceso de substitución de importacións por produtos fabricados no propio país.
- Facer posible o desenvolvemento de industrias nacentes, que non serían capaces de desenvolverse no país coa competencia de industrias exteriores.
- Tratar de combater o déficit que se presenta entre as exportacións e as importacións.
- Fins recaudatorios a través do cobramento de diferentes aranceis.

ACTIVIDADE: Pon un exemplo de cada un dos anteriores argumentos a favor do proteccionismo.

1.2.1 - Instrumentos proteccionistas

- **Aranceis:** imposto que se esixe aos produtos no momento de ser introducidos no país co obxecto de incrementar o seu prezo e sexa menos competitivo.
 - Arancel “ad valorem”: establécese unha porcentaxe sobre o valor en aduana.
 - Arancel específico: establécese un importe por unidade importada.

Exemplo:

Nos últimos anos, o prezo en batea do quilo de mexillón foi de 1,05 €. O problema co que se atopa ás veces o sector mejillonero é a importación deste produto doutros países, por exemplo Chile.

Supoñamos que o mexillón chileno teña un prezo en fronteira, no porto do Grove de 0,85 €/quilo, o que podería facer a administración (neste caso debería ser a Unión Europea xa que é quen ten a facultade para impoñer os aranceis debido á Política Arancelaria Común) é impoñer un arancel de 0,20 €/quilo para protexer a produción de mexillón galego. Ou ben podería impoñer un arancel “ad valorem”, é dicir, sobre o valor do produto a importar, do 25% (serían 0,2125 €).

- **Continxentes** ou cotas á importación: limitando o número de unidades máximas a importar dun determinado produto ou a determinados países.
- **Subvencións á exportación:** axudas a determinadas fabricantes nacionais para facilitar que sexan máis competitivos no exterior.
- **Controis sanitarios:** ás veces non soamente están xustificadas por manter a salubridade dos produtos importados senón que supoñan unhas trabas á importación.
- **Controis administrativos:** aumento dos requisitos legais ou técnicos para poder realizar as importacións a un país determinado, dificultándoas.
- **Compras públicas:** utilización do gasto público para manter a actividade económica nacional comprando maioritariamente produtos nacionais.

1.2.2 - Medidas de fomento das exportacións

Independentemente da política máis ou menos proteccionista dunha economía, hai unha serie de medidas que poden favorecer a exportación dos produtos nacionais.

- Apoios **comerciais**: a través do apoio a exportadores con institutos como o ICEX, realizando feiras, prestando apoio administrativo, información, etc.
- Apoios **financeiros**: mediante a concesión de préstamos máis baratos para empresas que se dediquen á exportación.
- Apoios **fiscais**: desgravacións fiscais por gastos incorridos na exportación ou na produción de bens á exportación.

1.2.3 – Dumping

Dumping. Trátase de vender un ben noutro país a un prezo menor ao do seu custo, é dicir, asumindo perdas. O obxectivo é eliminar do mercado aos competidores e quedarse logo como o único oferente dese ben.

Exemplo:

HEMEROTECA:

"A Izar estáselle dando diñeiro porque protesta". (La Voz de Galicia do 16 de novembro de 2004, pág 29). Pedro Schwartz, importante economista español, explicou en Cambados que nos estaleiros galegos houbo un exceso de mantemento de man de obra en lugar de buscar unha produtividade real. A principal competencia dos estaleiros galegos son os coreanos aos cales se lles acusa de dumping. Schwartz opina que non hai dumping coreano senón que están moito máis automatizados cós galegos e que realmente gañan diñeiro.

- É positivo que se siga subvencionando os estaleiros galegos para protexelos fronte aos coreanos?
- Cres que é positivo o proteccionismo de empresas por parte do Estado ou é mellor que as empresa que sexan capaces de competir internacionalmente sigan adiante e as que non sexan capaces non?
- Como cres que deberían ser as axudas públicas ás empresas?

EXERCICIOS:

1. Supoñamos que en España a produción de tomates costa 0,50 €/k. Neste custo están incluídos factores como o prezo da terra, salarios de traballadores, etc. Tamén supoñemos que en Marrocos o custo da produción deste mesmo quilo de tomates é de 0,30 €/k. Contesta ás seguintes cuestións:

- A quen comprarían os distribuidores de tomates españois e europeos?
- Deberíase permitir a libre entrada de tomates de Marrocos á UE?
- Que medidas proteccionistas poderíanse tomar desde a UE para limitar esta competencia?
- Que medidas se poderían tomar para axudar aos agricultores españois?

2. Supoñamos que EEUU quere fomentar a produción de biodiésel e para iso subvencionan con 0,20 céntimos/litro. Con esta subvención, e sobre todo desde a caída do \$, o prezo de produción do biodiésel en España é máis caro, prexudicando ao sector nacional.

- a) Que debería facerse en España/UE?
- b) Como pode axudar aos produtores españois?
- c) Como chamarías á medida tomada por EEUU?
- d) E desde o punto de vista español?

VIDEO: Proceso de fabricación de biodiesel

3. Despois de consultar diferentes webs de venda de ordenadores portátiles, atopas un en EEUU por un importe de 500\$. Ao consultar as posibilidades de compra decátasche de que ten uns gastos de envío de 30\$, un arancel ad-valorem do 5% e deberás pagar o IVE por un 16%. Calcula o custo do portátil en euros. (1€=1,50\$).

2. RELACIÓNS ECONÓMICAS INTERNACIONAIS: COOPERACIÓN E INTEGRACIÓN

Debido ao crecemento das relacións internacionais, dun mundo cada vez máis globalizado, foron xurdindo nos últimos anos diversas colaboracións entre países, así como organismos que intentan regular estas relacións internacionais.

Hai diferentes formas de cooperar, desde simples acordos entre países para favorecer o comercio entre eles, ata verdadeiras integracións que van máis alá duns meros acordos aduaneiros, como o caso da Unión Europea.

2.1 - Graos de integración económica

- **Bilateralismo:** cando dous países establecen acordos para liberalizar o comercio entre eles.
- **Área de Libre Comercio:** formada por varios países que deciden eliminar as barreiras ao comercio interno pero mantendo cada un os seus propios aranceis diferentes fronte a terceiros. (Ej: NAFTA, que agrupa a Canadá, EEUU e México).
- **Unión Aduaneira:** cando unha Área de Libre Comercio establece un arancel exterior común.
- **Mercado Común:** supón a eliminación de barreiras á circulación dos factores produtivos, é dicir, dos traballadores e do capital.
- **Unión Económica** supón un grao máis na armonización das políticas fiscais e monetarias. Prodúcese aquí unha maior cesión de soberanía xa que, ao dotarse dun sistema monetario único, cada país sométese a unha disciplina monetaria para manter os tipos de cambio dentro das marxes autorizadas.

• **Integración Económica**, finalmente, implica a aparición dunha autoridade supranacional que adoptará as decisións de política fiscal e monetaria. Calquera decisión particular dirixida ao fomento dunha rama produtiva ou á corrección dun desequilibrio rexional deberá ser autorizada por dita autoridade.

Exemplo: Evolución da UE nos diversos graos de integración.

O proceso de construción da Unión Europea (UE) foi gradual:

- *Desde a creación da CECA (Comunidade Europea do Carbón e do Aceiro), que realmente era unha Unión Aduaneira que pretendía a creación dun mercado común para os produtos siderúrxicos entre os países asinantes, polo que se suprimían os aranceis e outras trabas. (Os seis países foron Alemaña, Bélxica, Francia, Holanda, Italia e Luxemburgo).*
- *Posteriormente, e a medida que se incorporan novos países, vaise xeneralizando a Unión Aduaneira total (non soamente de produtos siderúrxicos) e eliminando todas as barreiras ao comercio interno e establecendo un arancel exterior común.*
- *Co Acta Única Europea, establécese a ampliación da liberdade de circulación de traballadores e capitais, prodúcese entón o Mercado Común, operativo desde 1993.*
- *Desde o 1 de xaneiro de 2002 podemos falar de Unión Económica, ao ter unha moeda común, así como unha política monetaria común. De feito fálase de Unión Económica e Monetaria. (Tratado de Maastrich). Ademais sentáronse as bases para outro tipo de colaboracións como:*
 - *reforzar a cohesión social*
 - *política exterior e de seguridade común*
 - *cooperación en asuntos de Xustiza e Interior*

2.2 - Organismos internacionais

Desde o fin da II Guerra Mundial fóronse creando diferentes organismos internacionais co obxectivo de evitar as anteriores tensións, de promover un maior comercio internacional e axudar ás economías máis desfavorecidas.

Entre os organismos de cooperación podemos citar (desde o punto de vista económico):

- **Banco Mundial (BM):** é o Banco Internacional de Reconstrución e Fomento (BIRF), creado en 1946 para axudar á reconstrución dos países que sufriran as consecuencias das guerras e posteriormente dedicouse (e dedica) a prestar fondos aos países menos desenvolvidos a uns tipos de interese de mercado pero que adoitan ser bastante máis baixos cós que existen nos países subdesenvolvidos.
- **Fondo Monetario Internacional (FMI):** xorde co obxectivo de fomentar o crecemento do comercio internacional e a estabilidade dos mercados de divisas. Para iso realiza actividades de supervisión, axuda financeira e asistencia técnica.
- **Organización de Cooperación e Desenvolvemento Económico, OCDE** (Organization for Economic Cooperation and Development OECD) creada en 1961, é

un club de países ricos dedicado principalmente ao estudo dos problemas económicos e á coordinación das súas políticas.

- **Organización Mundial do Comercio (OMC):** pretende o desenvolvemento do comercio internacional a través da desaparición dos aranceis que o impiden. As súas orixes proceden do GATT (Xeral Agreement on Tariffs and Trade) ou Acordo Xeral sobre Aranceis Aduaneiros e Comercio.
- **O Programa das Nacións Unidas para o Desenvolvemento (PNUD):** é un organismo pertencente a Nacións Unidas que pretende:
 - Fortalecer a cooperación internacional para un desenvolvemento humano sostíbel.
 - Axudar ás Nacións Unidas a converterse nunha forza efectiva para conseguir o desenvolvemento humano sostíbel.
 - Erradicación da pobreza, rexeneración do medio ambiente, a creación de novos empregos e a promoción da muller.
 - Elabora, desde 1990 o IDH (Índice de Desenvolvemento Humano)

Ligazóns: [BM](#) - [FMI](#) - [OCDE](#) - [OMC](#) - [PNUD](#) - [FAO](#)

2.3 - A Unión Europea

Desde que en 1951 en que seis países (Alemaña, Bélxica, Francia, Holanda, Italia e Luxemburgo) crean un mercado común para dous recursos como son o carbón e o aceiro, crean a chamada Comunidade Económica do Carbón e o Aceiro (CECA).

Posteriormente, e a través do Tratado de Roma, Acta Única Europea e o Tratado de Maastricht, se foron incorporando novos países e ampliando a cooperación e integración dos mesmos en diferentes ámbitos, como vimos no exemplo anterior.

Actualmente os países da Unión Europea son 27:

MAPA DOS 27 PAÍSES MEMBROS (Na Web)

Destes, soamente 12 teñen como moeda común o euro, xa que o resto, ou ben non cumpre cos mínimos criterios para poder ter esta moeda de forma estable (criterios de converxencia do Tratado de Maastricht), ou ben decidiu non incorporala ao seu sistema financeiro. (Verémolo na seguinte unidade).

Para poder desenvolver a súa actividade, a UE conta cunha serie de institucións, como son:

- **O Consello Europeo:** composto polos xefes de Estado ou de Goberno dos estados membros. Reúnese ao menos dúas veces ao ano no que se chama “Cume Europea”.
- **Consello de Ministros:** formado por representantes de cada un dos Estados membros (habitualmente ministros responsables do tema a legislar). É o órgano legislativo e decisorio da UE. Sede en Bruxelas.

TEMA 9 – COMERCIO INTERNACIONAL E GLOBALIZACIÓN

- **A Comisión Europea:** é o principal órgano administrativo e executivo da UE. Composto polos diferentes Comisarios que executan as políticas comúns da UE e as relacións comerciais internacionais. Sede en Bruxelas.
- **Parlamento Europeo:** formado polos eurodeputados escollidos por sufraxio universal. Supervisa á Comisión Europea, aproba o orzamento e controla a súa execución. Sede en Estrasburgo.
- **Banco Central Europeo:** con sede en Frankfurt.

Dentro dos acordos acadados, salientan as seguintes políticas comúns desenvolvidas na UE:

- **Política Agrícola Común (PAC):** cuxos obxectivos son incrementar a produtividade, garantir un nivel de vida equitativo á poboación agrícola, estabilizar os mercados, garantir a seguridade dos abastecementos e asegurar ao consumidor subministracións a prezos razoables.
- **Política Pesqueira Común (PPC):** os obxectivos están na liña das agrícolas pero pretendendo tamén protexer ás especies da pesca excesiva.
- **Política Industrial Común (PIC):** pretende establecer as condicións necesarias para unha maior competitividade da industria da UE.
- **Os Fondos Estruturais e o de Cohesión:** co obxectivo de conseguir unha cohesión económica e social nos diferentes Estados membros (coas diferencias tan importantes que existen desde a creación da UE), créanse os fondos estruturais:


Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER)

Fondo Social Europeo (FSE)

Fondo Europeo de Orientación e Garantía Agrícola (FEOGA)

O Instrumento Financeiro de Orientación da Pesca (IFOP)

e o fondo de cohesión.



3 - GLOBALIZACIÓN: CAUSAS E CONSECUENCIAS

Se ben a maioría dos economistas defenden a liberalización do mercado internacional, para así conseguir un maior crecemento da economía internacional e do aumento do nivel de vida, hai outros que non están de acordo na maneira en que este proceso se está levando a cabo.

Estamos falando da globalización, defendida por grandes economistas como a única vía da erradicación da pobreza no mundo e de conseguir o avance da sociedade internacional. Por outra parte, hai os movementos antiglobalización, que non están de acordo en como se están a facer as cousas e defenden a idea de que “outro mundo é posible”.

VIDEO: La Globalización

VIDEO: Globalización (videocreación)

O actual proceso de globalización vese favorecido por:

- Avances nos sistemas de transporte e comunicación, que fai moito máis viable o comercio internacional
- Redución das barreiras ao comercio internacional.
- Liberalización dos mercados de capitais.
- Predominancia do pensamento liberal ou neoliberal que confía na liberalización absoluta para un maior crecemento da economía.
- Apoio a este pensamento dos organismos internacionais máis importantes como o FMI, BM, OMC, etc.

A globalización podémola considerar desde diferentes ámbitos:

- **Globalización comercial:** soamente con mirar a noso arredor podemos darnos conta da cantidade de países nos que se produciron os bens dos que gozamos.
- **Globalización produtiva:** as multinacionais actualmente producen en todas as partes do mundo buscando minimizar os custos. Isto é posible, en gran medida, á redución dos custos do transporte internacional.
- **Globalización cultural:** as películas que se ven en EEUU se ven no resto do mundo, cada vez as persoas de diferentes partes do mundo visten da mesma maneira, xantan cousas similares, escoitan a mesma música, etc.
- **Globalización tecnolóxica:** a tecnoloxía utilizada en diferentes países cada vez é máis parecida, o que permite pola súa vez unha maior globalización produtiva.
- **Globalización regulatoria:** armonización progresiva da normativa técnica

TEMA 9 – COMERCIO INTERNACIONAL E GLOBALIZACIÓN

para que os produtos sexan similares nos diferentes países (o mesmo tipo de enchufe, a mesma potencia eléctrica, o mesmo grosor de parafusos, etc.) para así facilitar a globalización produtiva.

- **Globalización financeira:** liberalización dos movementos de capitais. Podemos investir en activos de calquera parte do mundo e en calquera momento grazas ás novas tecnoloxías.

EXERCICIO: Busca exemplos de cada un dos diferentes tipos de globalización

Aspectos positivos e negativos da globalización

WEBQUEST: Vantaxes e inconvenientes da Globalización

Como dicíamos, podemos encontrarnos con moitos defensores da globalización e con moitas detractores da mesma. Imos intentar facer unha relación de posibles vantaxes e desvantaxes do proceso de globalización:

TIPO GLOBALIZACIÓN	Aspectos Positivos	Aspectos Negativos
Comercial		
Produtiva		
Cultural		
Tecnolóxica		
Regulatoria		
Financeira		

Posteriormente, deberemos construír argumento a favor da globalización e en contra da mesma. Separarémonos en dous grupos para discutilos.

GLOSARIO UNIDADE 9: (Na Web)	
Librecombaio Proteccionismo Arancel Arancel “ad valorem” Arancel específico Continxentes Dumping Bilateralismo Unión Aduaneira Mercado Común	Unión Económica Integración Económica Banco Mundial Fondo Monetario Internacional (FMI) Organización de Cooperación e Desenvolvemento Económico (OCDE) Organización Mundial de Comercio (OMC) Programa de Nacións Unidas para o Desenvolvemento (PNUD) Globalización